# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15025657 | IES de Mugardos | Mugardos | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua castelá e literatura | 3º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 11 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 32 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 35 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 36 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 36 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 38 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 38 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 39 |
| 7.2. Actividades complementarias | 41 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 41 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 42 |
| 9. Outros apartados | 42 |

## 1. Introdución

A presente Programación Didáctica está enmarcada no DECRETO 156/2022, de 15 de septiembre, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación secundaria obligatoria en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Comezamos esta programación, reseñando as principais características do centro e dos alumnos.
a)A bisbarra, o municipio e o centro
O noso instituto atópase no municipio de Mugardos, pertencente á bisbarra de Ferrol. A vila ten censados 5.362 habitantes (segundo datos do 2015). Cotexando estes datos cos anteriores, atopamos unha perda de 1.000 habitantes no último decenio. A economía do concello xira en torno ao sector servicios e ao industrial, sendo o agrícola e pesqueiro, antes dominantes, agora marxinais. No termo municipal atópase a pranta regasificadora de Reganosa, que emprega a bastantes habitantes da bisbarra. Porén, a meirande parte dos obreiros mugardeses viñeron desempregando labores durante moito tempo nas empresas auxiliares de Astano-Navantia. Por iso, a crise do sector naval golpeou fortemente á vila, que ten unha tasa de paro que ronda o 30%, aparte de forzar a emigración de moitas familias de obreiros especializados.
Ademáis de dar servizo ós mugardeses, o instituto escolariza á meirande parte dos rapaces da veciña vila de Ares que desexan cursar estudos de Bacharelato. As dúas vilas están fortemente relacionadas, xa que ambos concellos se reparten a administración da pequena península de Caamouco, sita entre as rías de Ferrol e de Ares-Pontedeume. Son os dous concellos con menor extensión da provincia coruñesa.
Ares (5.700 habitantes e poboación á alza) adícase fundamentalmente ao sector servicios, aínda que tamén ten un pequeno porto pesqueiro. É unha vila que sufre variacións poboacionais estacionarias, pois recibe bastante turismo no verán.
O I.E.S. Mugardos foi inagurado no ano 1987. Atópase nunha elevación de terreo na parte menos urbanizada da vila, xunto a igrexa e o cemiterio parroquiais de san Xiao, o museo da vila romana de Noville (que foi trasladada atá alí por estar situada en terreos colindantes coa pranta de Reganosa) e o depósito municipal de augas. O acceso que leva atá o instituto é unha pequena prolongación transversal da rúa do Santo Cristo, que sirve para conectar a estrada Ares-Mugardos coa estrada que leva á parroquia do Baño e os antigos terreos militares do monte Faro.
O instituto está dotado dun pavillón deportivo, un campo de baloncesto, vestiarios, laboratorios de bioloxía e química, aula-obradoiro de FP Básica, aula de informática, aula de tecnoloxía, aula de plástica, aula de música, biblioteca e cafetería, aparte das aulas ordinarias, sala de reprografía, despachos administrativos, etc. Non ten servicio de comedor. O patio está axardinado con nogueiras, acivros, castiñeiros, pradairos, oliveiras e nespereiras. Nunha zona apartada deste recinto hai un invernadoiro, no que fan a súas prácticas os alumnos dun módulo de FP Básica de Agroxardinería.
A totalidade das aulas conta con encerados dixitais e proxectores audiovisuais. Hai catro aulas equipadas polo proxecto e-dixgal (que dan servicio a 1º e 2º da ESO). Porén, para o resto de cursos o número de ordenadores é insuficiente, toda vez que só hai unha aula de informática con pouco máis dunha docena de ordenadores e catro máis de uso público na biblioteca escolar. É difícil que os profesores encontren xeito de coordinarse para poder partillar entre todos estes servicios.
O instituto está organizado co sistema de aulas-materia, agás nos cursos 1º e 2º da ESO, nos dous de FP Básica e na ESA. Cada aula conta cunha pequena biblioteca especializada na disciplina que se lle ten asignada, con material de consulta da materia correspondente, aparte doutros materiais didácticos. Porén, por motivos organizativos non sempre é posible que se impartan as asignaturas na aula-materia que lles corresponderían.

b) O alumnado
Neste curso, o centro ten matriculados 269 alumnos, repartidos entre a ESO, o Bacharelato, a FP Básica e a FP Dual (Agroxardinería e composicións florais).
A extracción social do alumnado é bastante variada: dende os que proveñen de familias que poderíamos calificar cun nivel de renta medio-alto, até alumnado de clase baixa que pasa por dificultades económicas serias. Case non hai alumnado inmigrante (menos do 5% dos matriculados). Todos os alumnos desenvolven a súa vida no ámbito que os urbanistas denominan ¿rururbano¿: a pequena conurbación ferrolá. Isto quere dicir que a poboación vive dispersa en pequenas unidades cunha urbanización escasamente planificada. Noutras palabras: alterna o territorio organizado en rúas con edificacións de catro ou maís alturas con urbanizacións de planta baixa +1 e núcleos de vivenda rural tradicional; espallados polo territorio atopamos campos de cultivo e explotacións forestais alternando con zonas en desuso de matogueira, pequenos almacéns industriais, etc. Para a vida do alumnado iso implica que, ao sairen do centro e malia viviren nun territorio densamente poboado, marchan moitas veces a lugares deficientemente conectados entre si. Consecuentemente, o seu principal espacio de socialización é o instituto. Isto é relevante, sobre todo, nos rapaces máis xóvenes, que teñen menos capacidade para moverse autónomamente.

Polo demáis, o alumnado ten nivel académico mellorable, sen ser baixo. Nos últimos anos, prácticamente vense incrementando a necesidade de elaborar ACS nos primeiros cursos de ESO. A titulación na ESO ronda o 85% e a media o 6. Por outra banda, en canto á ABAU, aínda que os resultados dos últimos anos veñen dando aprobados no entorno do 80%, hai que ter en conta que é política do centro incentivar a todos alumnos que superaron o Bacharelato a se presentaren, incluidos aqueles que non teñen interese por acceder ós estudos universitarios. Finalmente, cabe salientar que a tasa de repetición de curso do alumnado do centro está por debaixo da media de Galicia (34%). A tasa de abandono escolar tamén é baixa. O proxecto da dirección do centro fixou coma obxectivo acadar unha tasa de aprobados do 90% no 2020.

En terceiro da ESO contamos con 26 alumnos, 24 alumnos estudaron o curso pasado no noso centro, os outros dos proceden do colexio concertado da zona.

c) A nosa programación
Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados na nosa proposta didáctica para 3º de ESO en doce unidades didácticas, a razón de catro por avaliación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 4 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 4 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 4 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | EN LA RED | Nesta primeira unidade incídese no valor comunicativo que posúe a linguaxe e expone a vinculación deste coas novas tecnoloxías. Hoxe en día, este medio é un dos máis empregados para establecer contacto cos demais, pero é necesario que os estudantes aprendan a facer un uso adecuado e responsable do mesmo e identifiquen os riscos e efectos adversos que conleva a súa utilización. Esta aprendizaxe significativa vai permitir que o alumnado poida aplicar o aprendido no seu contexto próximo. Para iso, ao finalizar a unidade proponse a reflexión, elaboración e difusión dun decálogo que recolla unha serie de normas para utilizar de forma segura e respectuosa as redes sociais.<br>Na parte do estudo da literatura faremos unha aproximación xeral ao fenómeno literario e ás características deste tipo de textos. | 7 | 8 | X | | |
| 2 | CON VOZ PROPIA | Na unidade que nos ocupa vaide profundar detalladamente na riqueza e pluralidade lingüística existente no noso país e a súa achega á sociedade. Coñecer as súas características, a súa orixe, as súas variedades e os organismos que a protexen vai contribuír a que o alumnado valore con máis conciencia esta diversidade e mostre unha maior actitude de respecto e admiración ante estas diferenzas.<br>A situación de aprendizaxe proposta plantexa a preparación e a realización | 7 | 9 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | CON VOZ PROPIA | dunha exposición oral para explicar, a partir dun guion e soportes audiovisuais, o resultado das súas investigacións sobre as distintas linguas presentes en España.<br>No apartado de Literatura centrarémonos no contexto histórico e social da Idade Media para vinculalo, posteriormente, coa poesía medieval. | 7 | 9 | X | | |
| 3 | ¿CÓMO HABLAMOS? | Nesta unidade didáctica exponse a importancia de valorar e avaliar a situación comunicativa na que se producen os intercambios lingüísticos. É necesario que o alumnado comprenda que se lle poden dar diferentes usos á linguaxe e que, mesmo, hai niveis que se utilizan para adaptarse ao contexto. A forma de falar é un dos trazos máis característicos das persoas e grupos sociais e, co paso do tempo, van xurdindo novas palabras e expresións que implican certos cambios.<br>A situación de aprendizaxe propón a elaboración dun glosario, en papel ou dixital, que vai recoller ordenadamente palabras e expresións propias da xeración dos nosos alumnos e alumnas, así como o seu significado<br>No apartado de Literatura profúndase noutros aspectos clave da poesía medieval; principalmente, sinálanse os temas máis destacados nos que se inspiraban naquela época para crear os seus fragmentos. | 8 | 9 | X | | |
| 4 | ¡HAZTE BOOKTUBER! | Ao longo da unidade traballaranse conceptos como a coherencia, a cohesión e a adecuación, imprescindibles para que a comunicación resulte efectiva. E , coa situación de aprendizaxe, os estudantes van poder poñer en práctica o aprendido ao recompilar, organizar e preparar a súa opinión sobre un libro para presentalo a través dunha gravación e realizar unha videorreseña.<br>No apartado de Literatura profúndase na relevancia e a influencia de traducir contidos doutras culturas e favorecer deste xeito a transferencia de saberes e enriquecer a cultura propia. Neste contexto achegarémonos a labor de Afonso X, O Sabio. | 8 | 9 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | ¡HAZTE BOOKTUBER! | | 8 | 9 | X | | |
| 5 | PARA TODAS LAS EDADES | Ao longo desta unidade, o alumnado vai aprender de forma máis exhaustiva as características dos textos narrativos, descritivos e dialogados .<br>No apartado de Literatura exponse como eixo principal o teatro medieval e proponse o coñecemento e análise dos seus trazos, autores e obras máis representativas. Na situación de aprendizaxe proposta o alumnado podrá poñer en práctica o aprendido ao ter que adaptar lingüísticamente un acto ou conxunto de esceas da Celestina á nosa sociedade actual. | 7 | 9 | | X | |
| 6 | EN MI ENTORNO | Ao longo desta unidade, o alumnado vai coñecer as pautas máis significativas dos textos expositivos para elaboralos correctamente, tanto por escrito como oralmente. Aproveitando a multidisciplinariedad que nos achega a materia de Lingua, relaciónase a produción deste tipo de textos coa divulgación dun tema moi relevante para a nosa sociedade: a necesidade de coidar e protexer o medioambiente. Para iso, os alumnos e alumnas van elaborar en grupo un folleto expositivo sobre un espazo natural da súa contorna que queiran dar a coñecer.<br>O apartado de Literatura céntrase en situar o contexto histórico e social do Renacemento, así como na importancia da poesía nesa época. | 7 | 8 | | X | |
| 7 | ESCRITORAS ...HABELAS HAILAS | Continuaremos abordando o texto expositivo, cuxa versatilidade permítenos adecualos en función do noso obxectivo, neste caso, que o alumnado realice un texto expositivo escrito, ben estruturado, seguido dunha correcta e eficaz exposición oral sobre o tema que, máis abaixo, se explica. | 8 | 8 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 7 | ESCRITORAS ...HABELAS HAILAS | No apartado de Literatura danse a coñecer outros aspectos relevantes da poesía do Renacemento que amplían os contidos achegados na anterior unidade,  pero agora é o momento de elaborar un traballo de investigación  sobre mulleres escritoras desta época co obxectivo de darlles a visibilidade que a historia lles negou. | 8 | 8 | | X | |
| 8 | DE AQUÍ Y DE ALLÁ | A unidade didáctica que nos ocupa vai propiciar a reflexión dos alumnos e alumnas para que cuestionen a achega e o enriquecemento que ofrece a mestura de culturas. Aproveitando a transversalidade da materia, relaciónase este tema social con contidos da lingua para que os estudantes aprendan a elaborar textos argumentativos nos que expliquen ben as razóns nas que se apoian.<br>No apartado de Literatura danse a coñecer os elementos máis representativos da prosa renacentista destacando o valor da novela picaresca e a obra do Lazarillo de Tormes como referente da crítica social á situación da época.<br>Na situación de aprendizaxe proposta expone a vinculación entre a denuncia social que se realizaba a través da literatura e a que leva a cabo agora a través doutros medios e disciplinas como a música. | 8 | 9 | | X | |
| 9 | ¡ASI NO! | Ao longo desta unidade van traballar contidos vinculados coas estruturas argumentativas .<br>No apartado de Literatura sitúase ao alumnado no marco e o contexto histórico e social da época barroca. De maneira pormenorizada, farase fincapé nas características da poesía da época, destacando a aqueles autores e autoras máis representativos do momento e a análise e a interpretación das súas obras.<br>A situación de aprendizaxe proposta neste apartado expón ao alumnado a preparación e participación nunha batalla de rap para defender as ideas de Góngora fronte ás de Quevedo. O seu traballo está determinado en dúas direccións:<br>¿ A aprendizaxe significativa da lingua a partir da vinculación dos seus contidos cos intereses e motivacións do alumnado destas idades.<br>¿ O desenvolvemento do pensamento creativo e imaxinativo a partir da invención de estrofas musicais | 10 | 9 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9 | ¡ASI NO! | relacionadas con contidos da literatura. | 10 | 9 | | | X |
| 10 | DESMONTANDO BULOS | Actualmente na nosa sociedade accédese continuamente aos medios de comunicación dixitais para manternos informados de forma inmediata. Estas ferramentas poden resultar moi vantaxosas, pero tamén hai moitos perigos e riscos relacionados co seu uso, polo que é vital que o alumnado reflexione sobre as normas de utilización. A situación de aprendizaxe propón a realización e difusión dunha guía de información gráfica para aprender a detectar bulos e noticias falsas. No apartado de Literatura, o eixo principal é a prosa barroca do século XVII e as súas características. A situación de aprendizaxe proposta neste apartado expón ao alumnado a redacción dun relato satírico, forma de denuncia xa presente na época estudada e que se vincula cos medios de comunicación que empregan o humor para comunicar nos nosos días. | 10 | 9 | | | X |
| 11 | ¿QUÉ PASA EN EL MUNDO? | Nesta unidade ímonos centrar nos textos xornalísticos e as súas características. Na situación de aprendizaxe proponse escribir algún texto periodístico, en concreto, unha carta ao director. No apartado de Literatura, o eixo principal é a obra El Quijote e o seu autor: Cervantes. O alumnado vai coñecer os principais trazos que definen a produción desta obra: personaxes, estilo, linguaxe, estrutura, etc., destacando a procura de ideais que se expón na trama. | 10 | 9 | | | X |
| 12 | ¡CÓMPRALO! | A publicidade está moi presente na nosa cotiandade a través de multitude de medios e formas. Coñecer os seus principais elementos vai contribuír a que os alumnos e alumnas poidan desenvolver unha visión máis crítica sobre a intencionalidade e o significado dos mesmos. A situación de aprendizaxe proposta expón a realización dun anuncio para un medio audiovisual dun produto real ou inventado. No apartado de Literatura, o eixo principal é o xénero teatral na época do Barroco e do Renacemento e a determinación das súas similitudes e diferenzas. Esperamos poder completar os obxectivos desta unidade asistindo, sempre que sexa posible, á representación teatral de La vida es sueño. | 10 | 9 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 12 | ¡CÓMPRALO! | | 10 | 9 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | EN LA RED | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propostos. | PE | 80 |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado deberá identificar los elementos que intervienen en todo acto comunicativo y planificar, redactar y revisar textos escritos con diferentes finalidades comunicativas. Na revisión deberá ter especialmente en conta o uso correcto dos acentos repasado nesta unidade. | | |
| CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado deberá identificar os recursos expresivos empregados nos textos literarios propostos. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | identificar y diferenciar las diferentes unidades lingüísticas : fonemas , sonidos , monemas , las diferentes clases de palabras y sintagmas. | | |
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais que resulten discriminatorios. | TI | 20 |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal coma educativo e social. | É imprescindible que o alumnado participe e interaccione con actitudes de respecto e tolerancia. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais e a relación entre as súas partes. Tamén deberá seleccionar e reter a información relevante. | | |
| CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información. | Como mínimo, o alumnado deberá ser consciente dos riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede e elaborar en pequenos grupos un decálogo do bo uso das redes sociais. | | |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social. | No traballo en grupo, os alumnos e as alumnas deberán chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz, respectando en todo momento a diversidade de opinións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Desenvolvemento da reflexión interlingüística.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.<br>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).<br>- Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.<br>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.<br>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal |

| Contidos |
|---|
| - inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | CON VOZ PROPIA | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais. | O alumnado deberá, como mínimo, explicar tanto a orixe como o desenvolvemento histórico e sociolingüístico do galego e do castelán. Tamén terá que identificar os trazos dos dialectos do castelán. | PE | 70 |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado deberá comprender o sentido xeral dos textos propostos e da relación entre as súas partes | | |
| CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | En textos representativos da poesía épica medieval, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu significado. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Diferenciar os diferentes procedimentos de formación de palabras e ser quen formar outras inventadas xustificando o significado dos diferentes afixos. | | |

<table>
<tr><th>Criterios de avaliación</th><th>Mínimos de consecución</th><th>IA</th><th>%</th></tr>
<tr><td>CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da análise da diversidade lingüística na contorna social próxima e da exploración e reflexión próxima aos fenómenos do contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.</td><td>O alumnado deberá valorar a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. Tamén será quen de explicar os fenómenos do contacto entre linguas.</td><td rowspan="4">TI</td><td rowspan="4">30</td></tr>
<tr><td>CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.</td><td>O alumnado aplicará os coñecementos sobre os constituíntes das palabras para inferir o significado de termos técnicos habituais nos textos do ámbito académico.</td></tr>
<tr><td>CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.</td><td>O alumnado realizará unha exposición oral de dos minutos sobre a parte que lle correspondeu no proxecto grupal. Trátase dun traballo en pequeno grupo sobre as variedades lingüísticas de España e a riqueza cultural que aportan. Valorarase a fluidez, coherencia e o rexistro adecuado.</td></tr>
<tr><td>CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.</td><td>O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de visto ortográfico, gramatical e léxico.</td></tr>
</table>

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Análise da propia biografía lingüística propia e da diversidade lingüística do centro e mais da localidade.<br>- Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España.<br>- Desenvolvemento da reflexión interlingüística.<br>- Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal.<br>- Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e mais da súa expresión nas leis e declaracións institucionais.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.<br>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.<br>- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.<br>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.<br>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar |

| Contidos |
| --- |
| - e pública dispoñible.<br>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | ¿CÓMO HABLAMOS? | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado deberá identificar o sentido global dun texto dialogado. | PE | 80 |
| CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica. | O alumnado deberá xustificar si resulta adecuado ou non o emprego do rexistro coloquial por parte dos personaxes dun texto dialogado proposto. Así mesmo, será quen de identificar e explicar o signoficado das palabras e expresións que forman parte da jerga xuvenil actual. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado elaborará textos coherentes e cohesionados, nos que terá en conta o grao de formalidade, o propósito comunicativo e a canle de comunicación. | | |
| CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes en textos da poesía medieval e valorar o seu significado. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Reflexionar sobre la estructura y las funciones del sintagma nominal. | | |
| CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica. | O alumnado deberá identificar nos textos propostos as características do rexistro coloquial e do rexistro formal. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.<br>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.<br>- Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.<br>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. |

| Contidos |
| --- |
| - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 4 | ¡HAZTE BOOKTUBER! | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Como mínimo, o alumnado deberá demostrar ter feito unha lectura comprensiva do libro recomendado para este primer trimestre El pan de la guerra de DEBORAH ELLIS. | PE | 70 |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios pertencentes á prosa medieval, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra. | | |
| CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | Valorar os fragmentos da prosa medieval propostos atendendo ao contexto histórico e ao xénero e subxénero ao que pertencen. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Identificar sintagmas verbais, a suá estrutura e función, así como os diferentes significados aportados polas perífrasis verbais. | | |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura. | O alumnado buscará e seleccionará información de textos dos medios de comunicación con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. | TI | 30 |
| CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | As alumnas e os alumnos revisarán os seus textos para mellorar a súa estrutura, utilizar un vocabulario máis preciso e lograr un resultado máis gramaticalmente correcto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica. | O alumnado deberá revisar as seus textos para dotalos de maior cohesión poñendo en práctica os mecanismos estudados. | | |
| CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura. | Cada alumno/a escollerá unha obra procedente da narrativa xuvenil actual e realizará a análise da mesma (seguindo as pautas proporcionadas). | | |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural. | O alumnado será capaz de compartir coa clase a análise dunha obra procedente da narrativa xuvenil actual empregando un formato audiovisual para expresar as súas conclusións de lectura, a través dun formato audiovisual, converténdose en booktubers ou bookstagrammers. | | |
| CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado terá que ser quen de aplicar nos seus propios textos, en concreto, ao traballo sobre a lectura xuvenil elexida , os mecanismos de cohesión estudados, con especial atención o uso de conectores e aos mecanismos de cohesión léxicos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).<br>- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |

| Contidos |
| --- |
| - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).<br>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.<br>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.<br>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 5 | PARA TODAS LAS EDADES | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado elaborará textos narrativos, descriptivos e dialogados coherentes e cohesionados e axustados á situación comunicatica. Preocuparase tamén de revisar a ortografía. | PE | 75 |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais e as características lingüísticas dos textos narrativos, descriptivos e dialogados . | | |
| CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | Valorar críticamente el contenido de La Celestina, tomando como referencia el comportamiento y final de cada uno de los personajes. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado será capaz de reconocer a estrutura e a función dos sintagmas adjetivais, adverbiais e preposicionais. | | |
| CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información. | Como mínimo, o alumnado deberá ser consciente dos riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. | TI | 25 |
| CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor do tratamento do amor na literatura e no cine. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Adaptar á linguaxe actual un fragmento, acto ou escenas, da Celestina e representar o texto empregando bonecos de Playmóbil nun escenario tamén confeccionado polo grupo. | | |
| CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. |
| - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. |
| - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. |
| - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). |
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |

| Contidos |
|---|
| - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).<br>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | EN MI ENTORNO | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais de textos literarios da poesía renacentista, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra. | PE | 75 |
| CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado deberá localizar en textos de Garcilaso de la Vega os principais temas, tópicos recursos métricos e características da linguaxe literaria presentes neles. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | El alumnado deberá ser capaz de identificar los constituyentes básicos de la oración: sujeto y predicado y sus tipos. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos expositivos orais do ámbito educativo e a relación entre as súas partes. Seleccionará e reterá a información relevante. | TI | 25 |
| CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | O alumnado exporá oralmente a parte do traballo grupal que lle correspondeu no proxecto: elabora un folleto sobre un espazo natural da túa contorna. Valorarase a fluidez. a coherencia e a utilización dun rexistro adecuado. Prestará atención á dicción, á quinésica e á proxémica. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual. | Para o proxecto : elabora un folleto sobre un espazo natural da túa contorna , o alumnado reorganizará a información de distintas fontes de información e sintetizaraas en esquemas propios, de xeito que a comunique de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. | | |
| CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. | O alumnado en pequenos grupos elaborará un folleto sobre un espazo natural próximo para dalo a coñecer. Valorarase a fiabilidade da información, a calidade, a corrección, a coherencia, cohesión e adecuación. | | |
| CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos temas propostos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. |
| - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. |
| - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. |
| - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. |
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |

| Contidos |
|---|
| - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).<br>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | ESCRITORAS ...HABELAS HAILAS | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica. | O alumnado deberá ser quen de identificar os textos expositivos, baseándose nos rasgos lingüísticos, na estrutura e no propósito comunicativo. | PE | 70 |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será quen de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios poéticos da segunda mitade do século XVI , interpretando correctamente a intencionalidade do emisor. | | |
| CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado será quen de localizar os principais recursos expresivos dos textos poéticos seleccionados da segunda mitade do século XVI , interpretando correctamente a intencionalidade do emisor. | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado deberá ser capaz de identificar algúns dos complementos do verbo: o complemento directo e indirecto e os complementos circunstanciais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | O alumnado será capaz de realizar unha exposición oral sobre escritoras do Século de ouro español con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado. | TI | 30 |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual. | O alumnado será quen de seleccionar información de diferentes fontes e reelaborala respectando os principios de propiedade intelectual. | | |
| CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. | O alumnado elaborará un pequeno traballo de investigación por parellas sobre as escritoras do Seculo de Ouro español que non adoitan saír nos libros de texto con fin de visibilizalas. Este traballo monográfico irá seguido dunha exposición oral ante o grupo clase. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. |
| - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. |
| - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. |
| - Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |
| - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. |
| - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. |
| - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de |

| Contidos |
|---|
| - xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | DE AQUÍ Y DE ALLÁ | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado deberá demostrar ter feito unha lectura comprensiva do libro proposta para esta avaliación El medallón perdido de ANA ALCOLEA. | PE | 80 |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor do Lazarillo de Tormes. | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | O alumnado terá que ser capaz de vincular os textos lidos do Lazarillo de Tormes ao contexto e identificar neles as características do xénero da novela picaresca. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado deberá ser capaz de continuar identificando os complementos do verbo: nesta unidade toca o complemento de réxime, o complemento Predicativo o atributo e o complemento axente e ser quen de xenerar oraciósns simples cos esquemas sintácticos propostos. | | |
| CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | Os alumnos e as alumnas detectarán os usos discriminatorios da linguaxe nos textos orais académicos, en concreto nun debate sobre desplazamentos de poboación e a acollida de migrantes. | TI | 20 |
| CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado deberá contribuír activamente á consecución dos obxectivos do equipo, nun debate respectando en todo momento as normas básicas de cortesía lingüística. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | Argumentar nun debate as semellanzas entre a denuncia social no rap e no Lazarillo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. |
| - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). |
| - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. |
| - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica. |
| - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. |
| - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. |
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |
| - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | ¡ASI NO! | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, identificará os diferentes tipos de estrutura dos textos argumentativos e os diferentes tipos de argumentos. | PE | 75 |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos poéticos do Barroco español. | | |
| CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | O alumnado deberá identificar e empregar conscientemente as diferentes clases de oracións, en función das diferentes intencións do emisor. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado será quen de identificar os diferentes tipos de oracións segundo a natureza do verbo, e reflexionar sobre os cambios de significado que se producen ao transformar oracións reflexivas en recíprocas e viceversa. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado deberá ser capaz de relatar unha situación da súa contorna que considere que necesita un cambio e fundamentarao coa expresión das súas opinións de forma clara e razoada. | TI | 25 |
| CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | O alumnado participará nunha batalla rap sobre as ideas de Góngora e de Quevedo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.<br>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.<br>- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares. |

| Contidos |
|---|
| - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.<br>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | DESMONTANDO BULOS | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado terá que ser capaz de valorar criticamente o contido de textos periodísticos e de identificar as características lingüísticas deste tipo de textos. | PE | 75 |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios en prosa do Barroco español. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado será quen de transformar oracións activas en pasivas e viceversa e recoñecer os diferentes tipos de oracións impersoais. | | |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura. | O alumnado será quen de seleccionar información de diferentes fontes para a elaboración dunha guía informativa en formato dixital explicando que son os bulos e as noticias falsas, como detectalos e de que xeito actuar no caso de recibilos. | TI | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | O alumnado será quen de escribir un texto satírico sobre un tema de actualidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.<br>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | ¿QUÉ PASA EN EL MUNDO? | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será quen de recoñecer os diferentes xéneros periodísticos segundo a intención comunicativa do emisor. Así mesmo, deberá identificar o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios do ámbito periodístico. | PE | 70 |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será capaz de comprender a intención inicial de Cervantes ao escribir El Quijote e analizar a evolución dos personaxes principais ao longo da obra. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado será capaz de alongar unha oración engadindo diferentes funcións sintácticas expresadas a través de sintagmas ou proposicións con diferente nivel de complexidade. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | O alumnado será quen de comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función da intención do emisor en textos orais pertencentes a diferentes xéneros periodísticos. | TI | 30 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | O alumnado será quen de valorar nos textos orais periodísticos o seu grao de formalidade; a intención comunicativa e os principais elementos non verbais da comunicación. | | |
| CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | Os alumnos e as alumnas detectarán os usos discriminatorios da linguaxe nos textos dos medios de comunicación social. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado será quen de escribir unha Carta ao director. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. |
| - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. |
| - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. |
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir |

| Contidos |
|---|
| - da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | ¡CÓMPRALO! | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado deberá amosar ter feito unha lectura comprensiva da obra recomendada para este trimestre El retablo jovial de ALEJANDRO CASONA. | PE | 80 |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado será quen de comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor nos textos teatrais propostos de Lope de Vega e Calderón de la Barca. | | |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | O alumnado será quen de distinguir as oracións simples das compostas. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | O alumnado terá que identificar o sentido da mensaxe ,a finalidade do emisor e as características lingüísticas e non lingüísticas nos anuncios publicitarios orais propostos. | TI | 20 |
| CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | Os alumnos e as alumnas detectarán os usos discriminatorios da linguaxe nos textos publicitarios. | | |
| CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado terá que ser capaz en pequeno grupo de gravar un anuncio publicitario. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.<br>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflictidas no currículo, as cales se levarán ao longo do
curso.
As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e
están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así
como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.
En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e
brindarlle ao alumnado:
-Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
-Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais nun maior goce das actividades máis lúdicas.
-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o
emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.
A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns 5 minutos, especialmente ao inicio de cada sesión, a lembrar o traballado na/s sesión/s anterior/es mediante preguntas.

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e

reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a

multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|

Denominación
-Libro de texto de 3º ESO Lingua castelá e Literatura. Editorial Santillana. Contruyendo mundos
-A páxina web do profesor: Palabras, palabras, palabras.
-Aula virtual do IES MUGARDOS.
-Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
-Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
-Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
-Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
-Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
-Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
-Materiais de investigación e consulta.
-Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos

proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

-Dicionario da Real Academia Española: www.rae.es Dicionario Panhispánico de Dúbidas: www.rae.es/dpd
Medios de comunicación: https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php
-Compilación da obra lírica dos poetas más relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
-Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
-Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: http://cervantesvirtual.com
-Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos:
https://www.testeando.es/
-Portal de recursos educativos Leer.es: https://leer.es/
-Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: http://www.xtec.cat/~jgenover/complec. htm
-Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice
-Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: https://www.intralineas.com/ Materiales de Lengua y Literatura: http://www.materialesdelengua.org/
-Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
-Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: https://intef.es/?enlace=1&prev=2 Exercicios interactivos para traballar o léxico: http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm Actividades interactivas sobre sintaxe: http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm
-Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: http://www.xtec. cat/~jgenover/miscel.html
-Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: https://intef.es/recursos- educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará de cinco partes: un texto para avaliar a comprensión e expresión oral e escrita; un segundo apartado, para avaliar a súa competencia léxica; outro, para a gramatical ; un cuarto, para a corrección ortográfica e o quinto, para avaliar os contidos previos relativos a linguaxe poética.
Esta proba realizarase co fin de coñecer o punto de partida real do alumnado. O conxunto de datos obtidos tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **7** | **7** | **8** | **8** | **7** | **7** | **8** | **8** | **10** | **10** |
| **Proba escrita** | 80 | 70 | 80 | 70 | 75 | 75 | 70 | 80 | 75 | 75 |
| **Táboa de indicadores** | 20 | 30 | 20 | 30 | 25 | 25 | 30 | 20 | 25 | 25 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **100** |
| **Proba escrita** | 70 | 80 | **75** |
| **Táboa de indicadores** | 30 | 20 | **25** |

**Criterios de cualificación:**

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

a) Proba/s escrita/s. Dúas da materia específica (65 %) e unha sobre o libro obrigatorio para ese trimestre (15%). Total: 80 % da nota da avaliación.
b) Elaboración de proxectos, exposicións e actividades relacionadas coas situacións de aprendizaxe : 10 %
c) Outras actividades orais e escritas feitas na clase, ou de ser ocaso, na casa: respostas ás preguntas sobre a clase anterior, debates, cuestionarios, esquemas, resumos, comentarios ou actividades do libro de texto: 10% .

Considerárase que o alumno está aprobado nunha avaliación cando a nota final resultante sexa, como mínimo, 5.
A nota final da materia será a media ponderada entre as tres avaliacións (1ª avaliación 30%, 2ª avaliación 30%, 3ª avaliación 40%). Considerarase que o alumnado está aprobado con unha nota de 5 ou superior, só na avaliación final realizarase o redondeo a partir do 4,5.
Os exames e recuperacións deben realizarse nas datas previstas; se non se fai a proba, deberá xustificarse documentalmente: xustificante médico, do xulgado, etc. Se non se recibe a xustificación, a nota será de 0 nese exercicio.

Os exercicios e/ou traballos entregaranse na data fixada. De non ser así, salvo que estea documentalmente xustificado, o alumno perderá a cualificación correspondente, sendo avaliado cun 0.

Se un traballo persoal denota signos evidentes de ter sido copiado, a súa puntuación será 0.

LECTURAS OBRIGATORIAS
Primeira avaliación:
Don Juan Manuel: El conde Lucanor. (Clásicos a medida) Editorial Anaya.
Segunda avaliación:
Arturo y Carlota Pérez-Reverte: El capitán Alatriste. Editorial Alfaguara.
Terceira avaliación:
Alejandro Casona: El retablo jovial. Ed. Anaya.

Entendemos que a Programación debe adaptarse á realidade do noso centro e do noso alumnado e, polo tanto, pode experimentar alteracións. Pode ser o caso que haxa que adiantar algúns contidos, adialos ou, incluso, que non dea tempo a dalos. Deses cambios darase debida conta e proporanse as modificacións e medidas de corrección oportunas. Para adaptarse ás características do grupo ou dun determinado alumno, o profesor podería decidir cambiar algunha das obras marcadas como lectura obrigatoria.

**Criterios de recuperación:**

Ao remate de cada trimestre os alumnos que presenten algunha dificultade realizarán tarefas de reforzo para tratar de superalas. Para iso debe facer as fichas que lle dea a súa profesora e entregalas puntualmente. A continuación, haberá unha proba escrita de recuperación.

Se un lumno ou alumna non acadara o 5 tras a suma ponderadara das tres avaliacións, deberá presentarse a un Exame final no que se incluirán os contidos e competencias mínimas acadables para aprobar a materia. Nesta proba considerarase aprobado a alumnado que obteña un 4,6 ou nota superior.
Para este alumnado, Xefatura de Estudos fixará a data dun exame Final que versará sobre a materia impartida no curso.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente. Neste curso 2023-2024 non hai alumnado coa materia pendente do curso anterior, así e todo, especificamos o modo de proceder consensuado polo departamento.

Os alumnos con materia pendente terán unha reunión co profesor ou profesora correspondente ao iniciarse o curso. Nela serán informados do procedemento a seguir: ao comezo de cada avaliación se lles dará uns caderniños con actividades para traballar a materia correspondente a cada unha das avaliacións do curso que teñan pendentes. Os alumnos deberán entregarlle estes caderniños coas actividades feitas en 15 días. A profesora correxiraas e llo volverá a entregar, explicándolles nunha reunión individual que erros cometeron, cales foron os seus acertos, etc. Estas actividades non serán avaliadas cunha nota. Contra o final da avaliación, os alumnos farán unha proba escrita do contido da avaliación, a cal tomará coma referencia as actividades do caderniño correspondente. Farán, en total, tres probas escritas ao longo do curso. A media da nota obtida nesas tres probas será a súa nota da materia pendente na convocatoria ordinaria. En caso de que resultase un suspenso, o alumno poderá presentarse á proba final oficial no mes de maio, na cal entrarán todos os contidos do curso, pero que seguirá tomando coma referencia as actividades que fixeron nos caderniños. En caso de presentarse a esa proba, a nota obtida nela será a nota da convocatoria ordinaria.
As probas escritas serán puntuadas sobre 10. Á hora de dar unha nota definitiva, redondearase a nota segundo o criterio de aproximar os decimais maiores de 0'5 á unidade superior e non facelo con decimais inferiores o iguais a 0'5. Este redondeo farase só sobre a nota final, e non sobre as notas das probas parciais.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Con estudantes que requiran medidas de atención á diversidade, aplicaremos as seguintes medidas:

Medidas ordinarias de atención educativa:
Estas medidas desenvolveranse con estudantes que teñan algunha circunstancia que lles impida seguir o ritmo clase ordinaria. Terán como referencia os obxectivos do curso no que está matriculado o alumno.
Estas medidas poden afectar a metodoloxía, a organización, a adecuación das actividades, A temporalización e adaptación de técnicas, tempos e instrumentos de avaliación, así como os medios técnicos e recursos materiais que permiten o acceso ao alumno cunha necesidade específica de apoio
educativa ao currículo da etapa. En calquera caso, estas medidas tomarán como referencia os criterios de avaliación establecida con carácter xeral.

Medidas de reforzo educativo:
Estas medidas dirixiranse ao alumno que teña problemas de aprendizaxe ou dificultades na aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo e que non desenvolveron adecuadamente os hábitos de traballo e estudo, o alumno que promociona con materias pendentes e os que presentan algunha outra circunstancia que, a xuízo do titor e do departamento. de orientación xustifican convenientemente a súa inclusión en estas medidas.

Estas medidas serán individualizadas, adaptándose ás características persoais do alumno.
No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de
atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Medidas especializadas de atención educativa:
Adaptacións curriculares significativas (ACS) para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais. Estas medidas afectan aos elementos considerados preceptivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación desta materia e polo tanto o grao de consecución de habilidades básicas. Estas adaptacións tomarán como referencia os criterios de avaliación establecida neles.

O obxectivo fundamental no proceso educativo é a construción do coñecemento no alumno. A situación de partida dos alumnos non é a mesma, e este feito xa deixou de ser visto como unha rémora para converterse nun dos puntos centrais da estratexia a seguir por todo proxecto educativo. A programación presenta en todas as súas propostas unha pluralidade tanto de materiais como de actividades de aprendizaxe.

Ante este reto, o noso proxecto parte dunha serie de criterios que detallamos:

Combinamos traballos colectivos e individuais para que o alumnado coñeza a estrutura e as vantaxes duns e doutros.
Contemplamos a finalidade práctica do ensino da lingua e dos diversos contextos culturais do alumnado, dende os máis próximos ( o xornal) ata os que poidan resultarlle máis alleos (os textos literarios)
Os contidos están pensados para que o alumnado poida realizar un inventario dos coñecementos xa traballados que lle permita a adquisición de novas aprendizaxes.
A maioría das actividades plantexadas para a adquisición das catro habilidades básicas (ler, escribir, falar e escoitar), e a axuda e a intervención do profesorado favorecen a avaliación formativa dos alumnos.
No propio libro de texto distinguimos xa segundo a distribución dos temas o grado de complexidade de cada exercicio, determinando a súa consideración como actividade de reforzo, de repaso ou de ampliación. Os exercicios de repaso ou de consolidación dos coñecementos aseguran os contidos mínimos esixibles. As actividades de ampliación están pensadas para aqueles alumnos e alumnas que amosan un maior nivel. Os exercicios de reforzo irán dirixidos aos alumnos que non acaden os obxectivos mínimos. Loxicamente, a adscrición dun exercicio ou outro ao ámbito do reforzo, da ampliación ou da consolidación dependerá do tipo de alumnado, e será o profesor que decidirá que exercicios son os máis convenientes para os distintos alumnos.
Selección das actividades a partires dos intereses dos alumnos. Gracias a que a nosa materia traballa sobre todo con textos, é relativamente sinxelo atopar focos de interese dos alumnos, que serán explotados para levalos a traballar sobre os contidos do currículo. Neste ámbito entra tamén a incentivación de pequenos proxectos nos que os alumnos desenvolvan os aspectos do currículo que máis lles motiven.
Ademais, teranse en conta medidas específicas para os alumnos con necesidades de saúde concretas que afectan ao rendemento nas clases e fan convenientes pequenas adaptacións (por exemplo, dar máis tempo para facer as probas escritas, resaltar especialmente os enunciados desas probas, facer un seguimento máis estrito da atención na aula, etc.). Consultaremos co Departamento de Orientación e coas familias e seguiremos as súas indicacións.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflictos | X | | | | | | | |
| ET.2 - Educación cívica e en valores | X | X | | | | | | X |
| ET.3 - Sensibilización ambiental | | | | X | | X | | |
| ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes | | | | | | | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.5 - Liberdade de expresión | | | | | | | | |
| ET.6 - Respecto mutuo entre homes e mulleres | | | | X | | | | |
| ET.7 - Fomento do espíritu crítico e científico | | | | | | | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflictos | | | | |
| ET.2 - Educación cívica e en valores | | | | |
| ET.3 - Sensibilización ambiental | | | X | X |
| ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes | | | X | |
| ET.5 - Liberdade de expresión | | | X | |
| ET.6 - Respecto mutuo entre homes e mulleres | | | | |
| ET.7 - Fomento do espíritu crítico e científico | X | | | |

**Observacións:**

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Asistencia ao teatro | Recuperaremos as saídas a poboacións veciñas /A Coruña ou Narón ) para asistir á representación de obras teatrais, actividade interrumpida pola pandemia. Non temos datas concretadass. | | X | X |
| Radio na biblioteca | Creación de podcast. | X | X | |
| Participación na elaboración da revista escolar | Participación na elaboración da revista escolar | X | X | |
| Participación na conmemoración de diferentes actos ó longo do curso. | Colaboración na conmemoración de, entre outros, a constitución e o estatuto de autonomía, a declaración universal dos dereitos humanos, o día de Rosalía de Castro, o día da Muller, e moi especialmente, o día do Libro. | X | | X |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Rúbrica de calidade pedagóxica, alcanzando un aumento paulatino na coherencia, secuenciación e aliñación de obxectivos de aprendizaxe na programación didáctica en comparación co ciclo anterior |
| Metodoloxía empregada |
| Mellora da efectividade mediante a observación de clases e a retroalimentación dos estudantes, logrando un incremento paulatino na participación activa dos estudantes na aula, así como unha mellora nos resultados. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Redución no tempo de interrupcións e transicións na aula, e un aumento na eficiencia da utilización de recursos educativos dispoñibles. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Participación activa e aumento paulatino do rendemento académico dos estudantes con necesidades especiais, así como unha redución na taxa de absentismo entre estes estudantes |
| Clima de traballo na aula |
| Implementación de estratexias de manexo do comportamento e promoción da inclusión. enquisa de satisfacción dos estudiantes. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Comunicación efectiva a través de reunions presenciáis, correos electrónicos, chamadas telefónicas ou mensaxes en liña coas familias. |

**Descrición:**

Proponse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora. Propoñemos o emprego dunha ferramenta para a avaliación tanto da programación didáctica no seu conxunto coma do seu desenvolvemento. A devandita ferramenta incluiría os aspectos a avaliar, a destacar, a mellorar e a propostas de mellora.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

## 9. Outros apartados